

PEZA DO MES

febreiro

2000



SEDETE DE PEDRAFITA

OS SEDENTES SON A PLASMACIÓN PLÁSTICA DAS INQUE-
DANZAS, ANHELOS OU MEDOS DO HOME GALAICO-ROMANO ANTE
A MORTE OU A DIVINIDADE E, SEN DÚBIDA, REPRESENTAN UNHA
DAS MANIFESTACIÓNS MÁIS INTERESANTES DA ESCULTURA DO
NOROESTE PENINSULAR.





SEDETE DE PEDRAFITA

A Teixeira-Ourense
Século I a.C. – I d.C.
Granito
64 x 36 x 45 Cm
Nº Inv. 5.183

O sedente de Pedrafita é unha escultura de vulto redondo realizada en granito de gran groso que se atopou de xeito casual ó realizar unhas obras nunha sepultura propiedade dos herdeiros de D. Agapito Novoa, no cemiterio de San Martiño de Pedrafita (A Teixeira, Ourense), durante a primavera de 1995, sendo depositada poucos días despois no Museo Arqueolóxico, vindo así a incrementa-lo número deste tipo de esculturas coñecidas ata a data (Xinzo, Lanhoso, Braga,...), todas elas localizadas polo momento dentro do ámbito do Convento Bracarense en hábitats moi romanizados, pero tamén cun forte substrato indíxena.

Representa unha figura sentada nun trono á que lle falta a cabeza. Viste unha sinxela túni-

ca sen cinguir que, sen deixar adiviña-la súa anatomía, chega por debaixo dos xeonllos. As pantorrillas simétricas, ben moldeadas e lixeiras, contrastan coa sensación cúbica e de pesadez que transmite o resto da talla. Os pés, dos que só se conserva o dereito, non nos permiten saber se vai ou non calzado xa que, a diferenza das mans, as dedas non están sinaladas. Como únicos adornos da súa indumentaria leva en ambos pulsos un aro ancho a modo de pulseira que contribúen a dinamizar en algo a postura ríxida dos seus brazos, que sosteñen un recipiente de libación entre as súas mans.

A figura séntase nun trono de gran exuberancia formal, decorado con motivos de dentes de lobo nos traveseiros laterais e cun trisquel no respaldo, motivo recorrente en toda a plástica castrexa, empregado aquí para acentua-lo valor simbólico que comporta o trono, emblema en tódalas culturas antigas da divindade dos deuses, dos homes de alta linaxe, ou dos mortos divinizados, ata o punto de acadar por si só o carácter divino ou real, e así indicarnos con isto o que está a representa-la figura.

Como tódalas imaxes entronizadas, dende o punto de vista formal presenta un gran conservadurismo. É simétrica, frontal, hierática e aparentemente basta, pero como opina Balil isto non é froito dunha incapacidade senón a resposta intencionada para satisfacer os gustos tradicionais dunha clientela indíxena, que adoptando un modelo e idea mediterráneas fan propia, vestinda co "seu", roupas, xoias e armas. Esta idea tomaría forma, según Calo Lourido en época xulio-claudia ou pola contra poidera ser xa coñecida con anterioridade polos contactos comerciais co sur peninsular ou tamén durante a primeira época da conquista. Sexa dunha maneira ou doutra, as persoas que os contemplaban podían aprecialas e entendelas independentemente das ríxidas normas foráneas. Por iso o interese do escultor en detallar só algúns elementos esenciais que indican o alto estatus

do personaxe e que teñen unha forte carga ideolóxica, facilmente recoñecible polo grupo social que demanda a escultura. Características que comparten cos guerreiros, facendo así da escultura castrexa un grupo homoxéneo e diferente ó doutras áreas peninsulares.

Por outra parte, o feito de que todas elas aparecieran dun xeito casual, sen cabeza e todas reaproveitadas, agás as de Xinzo das que Ferro opina que se atopaban "*in situ*", vai dificultar e suscitar variadas interpretacións sobre a súa funcionalidade. Colmenero defende que

ofrecer algo a la divinidad. Recentemente Calo Lourido sustenta a idea de que sexan representacións masculinas cunha funcionalidade funeraria ligadas ó rito da incineración; chega a esta conclusión ó ter a de Lanhoso un burato na base do seu asento, que el opina que serviría para conter as cinzas e, por analogía, fai extensible esta función a tódalas demais, relacionándolas así coas damas sedentes do mundo ibérico, tipo Dama de Baza. Se isto é así ¿que representan? ó defunto heroizado á maneira grega ou a unha divinidade que axuda ó defunto no tránsito das ánimas ó Máis Aló. Esta fun-



VISTA FRONTAL



VISTA DORSO LATERAL DEREITA

aquelas figuras portadoras de vaso son masculinas e as restantes femininas, intepretándoas como "*matres*" ou parellas divinas e incluso tríadas á maneira gala. Outros autores pónenas en relación coa veneración á terra-nai asociadas ó culto ós mortos como Deméter. Tamén se interpretan como oferentes tipo Cerro de los Santos, aínda que a súa posición sedente non parece a máis lóxica, xa que tódolos oferentes coñecidos acostuman aparecer de pé e en actitude de

ción funeraria, tamén según Calo, tería o seu fin cando deu comezo o ritual de inhumación e fosen substituídas polas estelas, representacións cun concepto moito máis individualizado sobre o sentido da morte.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL: VG-40-1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

